



PARLAMENTO  
DE GALICIA




## DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

X leislatura  
Serie Pleno  
Número 86

**Sesión plenaria**  
16 de outubro de 2018

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## ORDE DO DÍA

---

**Punto único.** Debate e votación do límite máximo de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira (doc. núm. 38569, 10/LGNF-000003, BOPG núm. 369, fasc. 4, do 11.10.2018)

## SUMARIO

---

*Iníciase a sesión ás doce e cinco minutos do mediodía.*

**Debate e votación do límite máximo de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.** (Punto único da orde do día.)

*O señor presidente explica o procedemento para o debate e os tempos de intervención.* (Páx. 4.)

*Presentación do ditame: Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García).* (Páx. 4.)

*Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición: Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 9.), Sr. Fernández Leiceaga (S) (Páx. 13.), Sr. Villares Naveira (EM) (Páx. 16.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 20.)*

***Votación do límite máximo de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019***

*Votación do límite máximo de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019: aprobado por 39 votos a favor, 31 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 24.)

*Remata a sesión á unha e dezaoito minutos da tarde.*

*Iníciase a sesión ás doce e cinco minutos do mediodía.*

**O señor PRESIDENTE:** Bo día.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificou a inasistencia a deputada dona Noa Presas Bergantiños.

E entramos na orde do día.

**Debate e votación do límite máximo de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.**

**O señor PRESIDENTE:** O Consello da Xunta de Galicia, con data do 10 de outubro de 2018, acordou o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, que se fixa en nove mil oitocentos cincuenta millóns de euros, que poderán axustarse na variación dos ingresos do sistema de financiamento e fondos finalistas que incorpore o Proxecto de lei de orzamentos da Administración xeral do Estado, así como na minoración dos axustes de contabilidade nacional, sempre que non afecten o obxectivo de estabilidade aprobado de acordo co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, remitido a esta cámara para a súa aprobación xunto co Informe de estratexia financeira e fiscal ao que se refire o artigo 11.2 da precitada lei. Documento número 38569, cualificado e admitido a trámite pola Resolución da Presidencia do 11 de outubro de 2018, que se tomou en coñecemento pola Mesa o 15 de outubro de 2018.

Antes de proceder á votación, o Goberno dispón dunha rolda de aproximadamente quince minutos para a súa presentación e, a seguir, concederase unha rolda para cada un dos grupos parlamentarios por un tempo de dez minutos.

Para presentar este ditame, o conselleiro de Facenda, don Valeriano Martínez García.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** Moitas grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Comparezo hoxe ante o Parlamento para presentar o límite de gasto non financeiro para o ano 2019, aprobado a semana pasada polo Consello da Xunta de Galicia, en cumprimento do artigo 12 da Lei de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Con este xa son oito anos consecutivos os que leva o Goberno galego —o primeiro Executivo autonómico que o aprobou por lei— presentando o teito de gasto para o vindeiro ano na Cá-

mara. Tamén quero subliñar que apostamos pola máxima transparencia na elaboración das contas anuais, posto que Galicia ten un feito diferencial: ademais de aprobar o Executivo o teito de gasto, pide autorización ao Parlamento.

Traer o teito de gasto á Cámara forma parte xa do ciclo orzamentario e constitúe un acto de normalidade, pero, lamentablemente, nesta ocasión non puidemos aprobalo nos prazos habituais, e cómpre explicar os motivos. A inestabilidade que trouxo o novo Goberno central sen comunicar unhas entregas á conta certas en xullo —faltaba un mes de IVE—, e incumprindo a Lei de estabilidade, impediu aprobalo a finais de xullo, como era o noso desexo. Non obstante, este goberno non estivo parado. Primeiro, reclamamos o que lexitimamente nos corresponde: o IVE completo de 2017, pois faltaban case douscentos millóns de euros do mes de decembro. Logo, reunímonos coa ministra de Facenda para expresarlle o noso rexeitamento por non contar con eses douscentos millóns, e ela comprometeuse a buscar unha solución. E, a pesar de non poder presentalo en xullo, fomos preparando o teito de gasto para presentalo cando fose posible, cun obxectivo: poder presentar no tempo e forma os orzamentos para 2019. E queremos cumprir cos prazos porque o compromiso do Goberno é non permitir que a inestabilidade que trouxo o Goberno socialista se traslade a Galicia. Sempre fomos un goberno solvente, responsable e cumpridor, e queremos seguir sendo un goberno solvente, responsable e cumpridor.

Traemos á Cámara este teito de gasto con tres prioridades: o crecemento, os servizos e as persoas. E traémolo á Cámara nun momento no que Galicia segue consolidando a recuperación económica e medrando por riba de España. De feito, tamén quixera facer mención á actualización do cadro macroeconómico para este exercicio. Como lembrarán, no orzamento vixente previamos un incremento do PIB do 2,5 por cento, estimación que agora actualizamos ata o 2,8 por cento. A pesar desta mellora en tres décimas, queremos ser prudentes, pois se ben é pertinente realizar esta suba do PIB previsto polo mellor comportamento dos principais indicadores económicos durante o primeiro semestre do ano, a incerteza e a inestabilidade que desde hai uns meses está a afectar España pode tamén ter efectos no crecemento estimado. Non obstante, pensamos que Galicia pode crecer este ano un 2,8 por cento —outro ano máis por riba do crecemento estimado para o conxunto de España—. Ademais, en termos de emprego, prevemos rebaixar unha décima a taxa de paro recollida nos orzamentos vixentes, ao pasar do 14,2 por cento ao 14,1 por cento.

Neste momento, en Galicia, estamos consolidando un modelo de crecemento san. Este segue crescendo por riba do recollido no Plan estratéxico, que prevía un avance medio anual do PIB do 2,5 por cento, e prevemos —como xa lles dixen— pechar nun 2,8 por cento; seguimos creando emprego a un ritmo entre dezasete mil e vinte mil novos postos de traballo ao ano —o último dato dispoñible de setembro indica que a suba de cotizacións no último ano supera xa as vinte e unha mil seiscentas—; e segue batendo mes a mes os seus rexistros históricos de exportacións. Cumprindo, pois, ano tras ano a folla de ruta que trazamos hai case tres co noso Plan estratéxico.

Esta boa evolución económica que se está consolidando desde o 2015 permite que Galicia sume xa catro anos con crecementos medios por riba do tres por cento. E, señorías, considero que isto é unha das probas máis evidentes de que a planificación funciona. Hai tres anos —lem-

brarán— deseñamos cos mellores expertos de Galicia as liñas mestras para construír entre todos a Galicia que queremos para o ano 2020. E —como dixen— un dos retos que nos marcamos foi medrar de maneira sostida a un ritmo anual aproximado do 2,5 por cento; estamos pois mellorando ese ritmo. E o outro gran reto ambicioso que nos propuxemos foi crear entre oitenta mil e cen mil novos empregos ata o 2020, e nos tres primeiros anos xa se xeraron cincuenta e cinco mil novos postos de traballo. Por tanto, estamos en condicións de cumprir e acadar esta importante cifra de novos postos de traballo.

Con esta evolución prevemos un crecemento para o 2019 do 2,5 por cento do PIB —un ano máis por riba do crecemento estimado para España—. E, señorías, non se trata tan só dunha estimación deste goberno, senón que a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, coñecida como a Airef, por unha banda, avala as previsións deste teito de gasto e, por outra, cualifica como prudentes —algo que tamén, por certo, é característico deste goberno.

Por tanto, o escenario macroeconómico para Galicia, para este ano e o vindeiro, mostra desde a óptica da demanda un crecemento equilibrado, baseado no crecemento da demanda interna e un moi bo comportamento do sector exterior. Desde a óptica da oferta, prevese un fortalecemento do sector industrial, cun crecemento máis moderado dos servizos e cunha recuperación da construción. En canto ao gasto en consumo final dos fogares e institucións sen fins de lucro, este crecerá por riba do dous por cento nos dous anos. O gasto en consumo final das administracións públicas, aínda que moderará o seu crecemento, terá incrementos de preto do dous por cento neste bienio. A formación bruta de capital continuará a recuperación; este ano prevemos que medrará un 6,6 por cento e o vindeiro un 3,4 por cento. E a achega da demanda externa será neutral neste exercicio polo incremento similar de exportacións e importacións, onde manteñen as vendas ao exterior cun elevado dinamismo. Polo que respecta ás importacións, estas rexistrarán un forte incremento pola demanda dos bens no sector industrial, que anticipan crecementos económicos, e para o 2019 ambos os indicadores manterán un forte avance do 4,5 por cento.

A taxa de paro baixará este ano —como indicaba— ao 14,1 por cento, co que diminuírá en 1,6 puntos respecto de 2017, e para o 2019 continuará rebaixando ata o 12,7 por cento, e continuará en senda descendente, situándose no 11,2 por cento en 2020 —en media anual— e no 9,9 por cento no 2021. Señorías, esta tendencia de seguir con esta tónica dos últimos cinco anos permitirá que a taxade paro no 2020 se sitúe a finais dese ano arredor do dez por cento, en liña coque previamos no Plan estratéxico.

Con estas previsións traemos ao Parlamento un teito de gasto para 2019, unha vez máis, realista e prudente. Un límite de gasto non financeiro para o vindeiro ano que ascende a nove mil oitocentos cincuenta millóns de euros, o que supón un incremento de trescentos sesenta e tres millóns de euros sobre este ano, é dicir, un 3,8 por cento máis. E, aínda así, a capacidade de gasto real medrará aínda máis, porque en 2019 reduciranse de novo os xuros da débeda, grazas á xestión responsable deste goberno galego do endebedamento, sendo a autonomía que menos o incrementou desde o 2009, e tamén cunha correcta reestruturación dela. (Aplausos.)

En canto aos ingresos non financeiros, os que achega o sistema de financiamento, estes supoñen case o oitenta por cento do total. Vexamos como se concretan:

O sistema de financiamento incorpora a integración do tramo estatal especial do antigo tramo autonómico do imposto sobre hidrocarburos con efectos do primeiro de xaneiro de 2019. A comunicación do ministerio incorpora esta modificación, semellando un mellor aumento dos recursos do sistema, cando estamos ante un simple troco de adscrición do mesmo ingreso, que antes era propio da Xunta e agora provén do sistema de financiamento. Por iso anunciouse un aumento total dos recursos do sistema do 2,4 por cento, cando se deducimos os ingresos, que xa eran o céntimo sanitario autonómico e que agora pasan a ser rendemento do sistema, o incremento queda reducido ao 1,48 por cento. Como, ademais, a liquidación efectivamente satisfeita no 2018 foi inferior á inicialmente comunicada e orzada en 87,5 millóns de euros, a diferenza entre os recursos do sistema comunicados para o 2019 e os orzamentos de 2018 apenas chega ao 0,8 por cento. Por tanto, a consolidación das variables macroeconómicas non se reflicten un aumento dos recursos que achega o sistema de financiamento autonómico.

As entregas á conta do sistema de financiamento estimadas para o 2019 aumentan un 4,7 por cento respecto das ingresadas no presente exercicio, o que supón 331,5 millóns de euros. Pero a liquidación que se debe incluír no 2019 correspondente aos pagos do sistema de financiamento no 2017 diminúe en 222,1 millóns de euros sobre a ingresada no 2018; froito da non-neutralización no sistema dos cambios normativos adoptados pola Administración xeral do Estado, relacionados coa xestión do IVE. Tentarei explicalo:

En xullo de 2017 entrou en vigor o novo sistema de subministración inmediata de información, coñecida como a SII aplicada ao IVE, o que produciu un desprazamento dos ingresos por este imposto do ano 2017 ao 2018. A propia AEAT sinala no seu informe de recadación de decembro de 2017 que pola implantación da SII no conxunto do ano 2017 só se contabilizaron ingresos do IVE corresponde a once meses, posto que o mes de novembro, que anteriormente se recadaba no ano en curso, agora se recada a partir de xaneiro do 2018. Tamén sinala a propia Axencia Tributaria Estatal que a SII xunto á perda de ingresos mencionada axilizou as devolucións, polo que se anticiparon a 2017 devolucións mensuais que sen o dito sistema se realizarían no ano 2018.

A AEAT cifra o efecto das dúas circunstancias nun traslado de ingresos de 2017 a 2018 por catro mil cento cincuenta millóns de euros, dos que case douscentos afectarían Galicia. Logo de solicitar nas instancias correspondentes —xa antes de recibir os datos da liquidación— que se compensaran estes efectos, acompañando o presidente da Xunta, mantivemos unha reunión no Ministerio de Facenda o pasado agosto. Nese encontro, a ministra comprometeuse a compensar o efecto da medida cuantificada pola Xunta en cento noventa e oito millóns de euros. Esta é a razón pola cal o destinatario financeiro recolle unha previsión da devandita compensación no capítulo IV, de ingresos, como transferencia, obviamente, non finalista do Estado.

En canto ás transferencias finalistas doutras administracións, procedentes basicamente do Estado e dos fondos europeos, estas aumentan lixeiramente a súa participación en cinco décimas sobre os ingresos non financeiros, ata supoñer o 11,6 por cento.

Os ingresos finalistas do Estado medran máis dun quince por cento, con maiores recursos para políticas de emprego, pagos do nivel mínimo de dependencia e o Pacto do Estado contra a violencia de xénero.

Polo que respecta ao Fondo de Compensación Interterritorial, este amosa máis atonía na súa evolución, ao vencellarse —como ben coñecen— a unha porcentaxe do gasto en «Obra nova» que aparece nos orzamentos xerais do Estado.

Respecto do Marco estratéxico comunitario 2014-2020, este xa está elaborado, así como postos en marchas os programas operativos rexionais para os fondos estruturais. Estamos a falar, polo tanto, do Feder, do FSE, do Feader, do FEMP, da Iniciativa xuvenil europea xestionada pola Comunidade Autónoma, e engádense tamén os dedicados á cooperación, en especial o POCTEP. As anualidades financeiras que tivemos en conta para o vindeiro exercicio son as propias dunha anualidade financeira media dos ditos programas operativos. O peso dos fondos europeos nos ingresos financeiros sobe un punto, ata situarse no 2019 no sete por cento.

En relación cos recursos propios non financeiros, é dicir, os tributos propios, prezos, ingresos patrimoniais, estes manteñen o seu peso e supoñen o nove por cento dos ingresos non financeiros que orzaremos. A súa evolución, estable, depende en gran medida dos tributos cedidos, é dicir, do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, vencellados, sobre todo, á evolución dos mercados inmobiliarios, e tamén doutra gran figura, como é o imposto de sucesións e doazóns.

Continúa a recuperación do mercado da vivenda, especialmente no que atinxe a vivenda usada, que despois de estabilizarse desde finais de 2014 inicia unha fase de crecemento moderado pero continuo. Así, na modalidade de ITT subirán ata achegarse aos douscentos quince millóns de euros, e na modalidade de actos xurídicos documentados, máis ligados á vivenda nova, chegaremos ata aproximadamente os 85,4 millóns de euros, porque prevemos unha incidencia no mercado galego máis moderada da que se está a producir no mercado nacional.

Pola súa banda, o imposto de sucesións e doazóns segue recollendo as importantes rebaixas que aplicamos desde o 2016, e no que estimamos que ao final lograremos arredor de 139,8 millóns de euros.

E polo que atinxe o imposto de patrimonios, salientamos a súa consolidación na recadación polos efectos derivados da incorporación de novas bases dos bens situados no estranxeiro.

En total, os ingresos non financeiros son de nove mil setecentos cincuenta e seis millóns de euros, aos que hai que engadir sesenta e nove millóns de euros, como resultado do 0,1 por cento de déficit, e que engadimos outros vinte e cinco millóns de euros do que se denomina «axustes en contabilidade nacional». É dicir, un teito de nove mil oitocentos cincuenta millóns de euros, con eses trescentos sesenta e tres millóns de euros que lles adiantaba hai uns momentos.

Como xa comentei tamén, a capacidade de gasto real será maior porque volverán minorarse os xuros. E isto é posible porque acadamos a práctica estabilidade orzamentaria. Tan só prevemos un déficit do 0,1 por cento, que nos permite estabilizar o nivel do noso endebedamento e seguir baixando —unha vez máis xa desde o 2016— a nosa ratio de débeda/PIB,



reducindo a un terzo o déficit público nun ano, ao pasar dese 0,3 ao 0,1, e practicamente deixar xa de depender da débeda.

Por este control do déficit da débeda durante estes anos é polo que podemos presentar neste parlamento un teito de gasto san, un teito de gasto que en catro anos pasou de ter unha porcentaxe de débeda sobre o total superior ao cinco por cento a só representar o 0,7 por cento o vindeiro ano. Desta maneira, en 2019 seguiremos reducindo o déficit en cento vinte e un millóns de euros, e pasaremos a ese 0,1 por cento de PIB.

Galicia é a Comunidade que menos incrementou o seu endebedamento desde o ano 2009, e desde o 2016 estamos baixando esa ratio de débeda/PIB, que nos sitúa neste momento en que Galicia deixou de endebedarse por tres mil oitocentos millóns de euros respecto da media de comunidades autónomas. Con este teito de gasto, no 2019 pois reducimos ao mínimo o recurso de endebedamento. Nos últimos catro anos, a nosa capacidade de gasto terá aumentado en mil catrocentos millóns de euros, con trescentos trinta e catro millóns de euros menos de endebedamento.

Polo tanto, no 2019 encadaremos xa cinco anos de forte crecemento en Galicia, seguiremos medrando con forza, continuaremos baixando o paro, acadaremos a práctica consolidación fiscal e volveremos reducir a ratio de débeda/PIB.

Dedicaremos este maior gasto —como dicía tamén— a tres prioridades: o crecemento, os servizos e as persoas, para consolidar un modelo propio de crecemento en Galicia, un crecemento san —que apoiamos— no control de déficit e no do endebedamento, no investimento produtivo e no pago áxil dos nosos compromisos. Un crecemento san que supón que Galicia teña cada vez menos déficit, menos débeda, máis investimento e maior rapidez no pago aos nosos provedores.

Galicia ten vantaxes comparativas que queremos seguir aproveitando. Somos a Comunidade con maior estabilidade de España, estamos mantendo a nosa autonomía financeira para favorecer tanto esa liquidez dos nosos provedores como das nosas familias. Un crecemento que facemos compatible coa consolidación fiscal e reducindo á mínima a dependencia da débeda.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moi bo día a todos e a todas.

Señor conselleiro, hai unha definición de economista —que non sei se vostede coñece— que vén dicir que un economista é un experto que mañá saberá explicar por que as cousas que predixo onte non sucederon hoxe. Non sei se esta é unha definición válida para todos os economistas; en todo caso, define á perfección o Goberno da Xunta de Galiza. Un goberno

que nos prometeu que con austeridade, é dicir, apertándolles o cinto á cidadanía, aos traballadores e ás traballadoras, así como aos pensionistas, este país ía estar en mellores condicións para saír da crise económica, pero en realidade esa austeridade foi unha estafa. Unha estafa que provocou que a crise fora máis longa e profunda, que se recortara máis en servizos públicos, e que, polo tanto, causou un sufrimento innecesario a miles de persoas no noso país.

E, a verdade, é un pouco indignante que vostede nos fale de estabilidade cando en Galiza catro de cada dez galegos e galegas non poden chegar á fin de mes, cando durante os seus gobernos emigraron duascenas sesenta e sete mil persoas —é como se desaparecera a cidade da Coruña—, e non sei se lles preocupa —ao señor Feijóo xa sabemos que non— que se perdeu o vinte por cento dunha xeración de xente nova.

Pero é que a austeridade tampouco fixo que este país teña máis e mellor emprego, porque estamos vendo como, desde que gobernan, non foron capaces de ter a mesma taxa de desemprego que había cando chegaron á Xunta; a taxa de desemprego hoxe é maior que cando chegou o señor Feijóo á Xunta de Galiza. E, ademais, estamos nun contexto onde, habendo supostamente unha recuperación económica, baixa a taxa de actividade e baixa a taxa de ocupación; é dicir, hoxe temos menos persoas ocupadas, temos menos emprego que antes da crise, e os traballadores e as traballadoras non recuperaron o seu nivel salarial.

É preocupante que nese crecemento san vexamos tamén outro burato que deixa a austeridade, que son cento cincuenta e un mil mozos e mozas menos con emprego. E, logo, vostedes estráñanse de que haxa un problema demográfico no noso país. Claro, como vostedes o que fan é instalarse na posverdade, pois non sei, está ben polo menos un pouco de realismo.

¿Non sei se lles parece que Abanca vai facerlle oposición ao Goberno da Xunta de Galiza? Pois no seu último informe sobre a economía galega di: «Galicia amosa dificultades para acadar incrementos do número de ocupados da mesma intensidade que no conxunto nacional. Xunto con Castela e León e Asturias, Galicia ocupa os últimos postos en recuperación de emprego». Isto é o seu crecemento san.

Tampouco, señor conselleiro, non fixo vostede ningunha mención a que pasa coa desigualdade, a como desde o punto de vista de xénero está influíndo nela a política económica do seu Goberno. Pois ben, como vostede non o fixo, polo menos imos traer este debate á Cámara. E o que están provocando as súas políticas é que se incrementen as desigualdades. Fíxese: un de cada dous contratos realizados a mulleres no ano 2017 foi a tempo parcial, e a fenda salarial, a pesar de que o señor Feijóo nos prometeu que ía acabar con ela, o que fixo durante o seu goberno foi medrar, provocando que as mulleres cobremos hoxe de media case cinco mil cincocentos euros menos que os homes.

Polo tanto, vemos como, fronte a esa posverdade que está instalada no Goberno da Xunta, a realidade é que non foron capaces de recuperar o emprego perdido, que hoxe temos máis precariedade, que temos un país con emigración e que os salarios son máis baixos, afogando moitas persoas, que, desde logo, teñen que facer números e números e números para ser capaces de poder pagar as súas facturas. Mais, evidentemente, o problema tamén está nuns

servizos públicos recortados, deteriorados, onde temos menos médicas, temos menos profesores, temos menos persoal sanitario ou temos unhas listas de espera que medran na sanidade, e miles de dependentes que teñen dereito a unha atención que non están recibindo por parte da Xunta nin a van recibir con estes orzamentos.

Polo tanto, señor conselleiro, fixo vostede un bo papel como discípulo do presidente da pos-verdade, pero o certo é que a realidade deste país non está para que poidamos crer que coa súa política económica van mellorar os empregos, van mellorar os salarios, van mellorar os servizos públicos. En definitiva, que imos ter unha Galiza con máis futuro.

Nós temos claro que o que pasa non é culpa deste país, é responsabilidade dun goberno que non ten nin proxecto nin ideas, e que, ademais, cre que aplicando as receitas que xa fracasaron imos ter resultados diferentes.

E isto é o que acabamos de comprobar hoxe na súa intervención neste teito de gasto, que, por certo, todos e todas —e creo que vostede tamén— van estar de acordo comigo en que o converteron nun trámite burocrático. Porque o que tiña que ser o primeiro paso para a aprobación dos orzamentos... En fin, se a estas alturas non teñen feitos os orzamentos, supoño que o xoves non os aprobarán no Consello da Xunta. Estamos, efectivamente, nun trámite burocrático.

En todo caso, hai razóns de fondo polas que nós non podemos apoiar este trámite:

En primeiro lugar, porque o teito de gasto é un corsé que pretende limitar o papel do público, que pretende limitar o investimento público na economía, seguindo eses mantras neoliberais.

En segundo lugar, porque nós cuestionamos toda a política que se creou durante a crise, que o que fixo é situar nun primeiro lugar os intereses da banca e non os intereses públicos. E nós cremos que a economía debe estar ao servizo das persoas, e non as persoas ao servizo da economía.

En terceiro lugar, non podemos apoiar este mecanismo porque nós cuestionamos todo o proceso de recentralización que se creou tamén desde o punto de vista financeiro. Este modelo de como se aproba o teito de gasto é un exemplo de manual: dinnos en Bruxelas e en Madrid cal é a capacidade de gasto que pode ter o noso país. E, ademais, limita aspectos tan importantes á hora de poder decidir como até as contratacións que podemos facer na nosa sanidade, na nosa educación ou nos servizos públicos.

E, por último, tampouco apoiamos este teito de gasto porque nós estamos en desacordo coa repartición dos límites de déficit que se aprobaron e que vostedes queren referendar.

Vostedes están de acordo cunha repartición onde as comunidades autónomas están absolutamente encorsetadas nesa capacidade de déficit, que quen a ten maioritariamente é a Administración central, e que nos últimos anos, ademais, se desequilibrou aínda máis esa balanza a favor da Administración central. E o que están facendo ao constrinxir tanto a ca-

pacidade de gasto das administracións autonómicas é claramente, ao final, recortarnos servizos públicos, que son as competencias que fundamentalmente ten a Xunta de Galiza.

Eu, en todo caso, hoxe tamén quería preguntarlle, señor conselleiro, se de verdade vostede está satisfeito co papel que cumpriu no Consello de Política Fiscal. ¿Vostede está satisfeito do papel que cumpriu na política fiscal? Vostede foi alí —cun voto prefixado— votar non, única e exclusivamente porque o decidiu o Partido Popular en Madrid, porque o decidiu o señor Pablo Casado. O resultado é que Galiza non conseguiu nada, pero si vemos como hai outros gobernos que conseguiron cousas para os seus países. O Goberno valenciano, por exemplo, conseguiu un investimento extraordinario ao negociar o cambio de voto nese Consello de Política Fiscal. E vostedes nin tan sequera foron capaces de defender que se condonara a débeda da Coruña. Xa vemos para que nos vale o seu papel: conducen Galiza á irrelevancia política, e isto tradúcese en discriminacións e agravios. Primeiro, pasou co Goberno do PP no Estado, e agora vai pasar outra vez co Goberno do Partido Socialista.

E, a verdade, non deixa de sorprendeme que o Partido Popular veña aquí dicir que eles xestionan ben a débeda e que nos aforraron tres mil oitocentos millóns de euros de débeda, cando o que fixeron foi triplicar a débeda pública deste país, e déixannos unha herdanza de case quince mil millóns de euros de débeda. De verdade, señores e señoras do Partido Popular, un pouco de realismo e menos posverdade.

E unha última reflexión. Este teito de gasto —aínda que vostede non o quixo dicir dunha maneira moi clara na súa intervención, pero si aparece recollido no informe que remiten ao Parlamento— o que deixa ao descuberto é que temos un sistema de financiamento absolutamente inxusto e insuficiente con Galiza. De feito, segundo o informe, as aportacións polo sistema de financiamento só van incrementarse un 0,8 por cento o ano que vén, a pesar de que o Estado prevé que os ingresos no Estado suban un 5,7 por cento. Estamos vendo como hai unha discriminación clara dese sistema de financiamento, onde os recursos extraordinarios que vai conseguir o Estado non están revertendo en financiar servizos públicos. E iso é culpa dun sistema de financiamento que, cando o asinou o señor Feijóo, xa sabía que ía ser un sistema inxusto, porque cada vez é máis insuficiente para financiar os nosos servizos públicos. E, claro, isto ponnos sobre os nosos ollos, de novo, a necesidade de que teñamos un novo modelo de financiamento.

Nós seguimos apostando por que a mellor opción é confiar no país, ter realmente unha facenda galega que nos permita recadar todos os impostos, porque iso permitiríanos ter máis recursos. De feito, neste contexto o Goberno vasco vai ter, polo seu sistema de financiamento, un 3,5 por cento máis de recursos, mentres nós nin tan sequera subimos un un por cento o financiamento autonómico. Está claro que vostedes prefiren defender a ideoloxía do PP que os intereses de Galiza. E isto pasa co modelo de financiamento e pasa tamén con outro tema que hoxe está moito de actualidade. Despois de dicirnos o señor Feijóo que a tarifa eléctrica vasca non existe, (*A señora Pontón Mondelo amósalles un documento aos membros da Cámara.*) resulta que Bruxelas autoriza a factura da luz da industria vasca. Claro, non existe... Estes son os milagres nacionalistas, efectivamente, ¿non? O que son increíbles son os desastres centralistas do Partido Popular. (*Aplausos.*) Si, si, unha rebaixa de cento vinte

millóns na tarifa das súas empresas. Pero, efectivamente, o Partido Popular prefire a pos-verdade á realidade.

E hoxe todos os galegos e galegas tivemos que almorzar cunha noticia: que o Supremo lle exige ao Goberno que suba a luz en Galiza, e que imos ser a quen máis nola suban como consecuencia da política enerxética e das decisións do Partido Popular.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Nós, desde logo, reclamamos que se poñan xa a traballar para evitar este «tarifazo» —responsabilidade nun primeiro momento do Partido Popular coa súa complicidade—, porque é un auténtico escándalo que os galegos e galegas vaíamos pagar a tarifa da luz máis cara do Estado e que nos penalicen por ser produtores. E xa lles anuncio que traeremos de novo a tarifa eléctrica galega ao debate porque o que non pode ser é que mexen por nós (*Murmurios.*) e teñamos que dicir que chove.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Bos días.

Señor conselleiro, paréceme que é un bo principio o da transparencia. Eu creo que debería empezar por dicirlle a esta cámara que tanto no ano 2016 como no 2017 houbo un incumprimento por parte de Galicia da regra de gasto. Hoxe, no documento que envía o Goberno a Bruxelas recolle que Galicia se incorpora a un conxunto amplo —¿verdade?— de comunidades autónomas que incumpriron no 2017 e que, por tanto, ten que presentar o Plan económico-financeiro correspondente. (*Aplausos.*)

Tamén, de forma previa a entrar no debate, gustaríame dicirlle algunha cousa en relación co que plantexa vostede da inestabilidade do Goberno central. Chámalle inestabilidade do Goberno central a dúas cousas:

Primeiro, a que conseguiu rebaixar os criterios en relación co déficit que marcaba a Comisión Europea e, por tanto, aumentar a capacidade de gasto do conxunto das administracións. E o Goberno central ademais fai outra cousa, que é darlles unha parte dese incremento de gasto ás comunidades autónomas para que poidan desenvolver políticas sociais.

E, en segundo lugar, o que fai o Goberno central é non ligar para nada os anticipos á conta ao debate dos presupostos xerais do Estado. ¿Recorda vostede o señor Montoro, en decembro e en xaneiro pasados, cando condicionaba os anticipos á conta a que se incrementasen os presupostos xerais do Estado? Esa é a diferenza entre un goberno e outro. (*Aplausos.*) ¿Aquilo era normal e isto é inestabilidade? A verdade é que hai que ser un pouco máis obxectivo e realista.

Eu podería repetir a intervención do ano pasado, case punto por punto, nos seus argumentos. Tiña esa tentación, pero imos entrar nalgunhas cuestións específicas. O debate de fondo é o mesmo: en que situación vemos que está Galicia, como nos posicionamos en relación co modelo europeo e onde queremos ir. Nós aspiramos a ir progresivamente aproximándonos aos modelos dos países que teñen un Estado do benestar máis amplo, facelo con eficiencia para non cargar demasiado sobre os cidadáns, e, por tanto, ir progresivamente tamén axustando o noso sistema impositivo para que se vaia parecendo ao destes países. E eu creo que vostedes están noutra cousa: vostedes están dentro tamén, seguramente, do modelo europeo, pero daqueles países que teñen un Estado do benestar con máis furados, con máis deficiencias e tamén cun sistema impositivo menos xusto. Eses son os dous modelos de fondo, e temos que decidir entre todos onde queremos levar Galicia. E nós queremos levala ao primeiro: queremos aproximarnos máis a países como Suecia ou como a nosa veciña Francia, que constitúen un modelo de referencia en moitos aspectos. Nese sentido, cremos que a vostedes lles falta ambición, lles falta proxecto e lles falta determinación.

Pero vaíamos a cuestións máis concretas, unha das diferenzas que temos en relación co ciclo económico. A metodoloxía que segue o informe que presentan hoxe a este parlamento é unha metodoloxía sen dúbida contrastada, normal; é dicir, non temos demasiado que dicir sobre iso. Pero é unha metodoloxía que ten dúas consideracións:

A primeira é partir de que esta recesión da que estamos saíndo é unha recesión tamén habitual, e non é certo. Estamos saíndo da gran depresión do século XXI, da gran crise do século XXI. Iso é o que explica que despois de cinco anos de crecemento económico por riba do dous e medio, do tres por cento, aínda teñamos un desemprego de dous díxitos e aínda esteamos moi por debaixo en poboación ocupada da situación de partida anterior á crise. Se non fora así, teríamos recuperado plenamente esa situación, que é o que ocorreu, por exemplo, nos Estados Unidos xa hai algún tempo, e non ocorre nos países periféricos de Europa como o noso. Iso quere dicir que debiamos ser todos un pouco máis prudentes á hora de situarnos no ciclo. Por iso a Comisión Europea fai algo moi sensato, que é dicir: ¡home!, efectivamente vostedes están tendo unha traxectoria de consolidación da débeda moi clara, pero poden gañar un ano máis nesa traxectoria atendendo a situación de desemprego que ten España. E vostedes estalle dicindo que non a esta reflexión da Unión Europea, e iso a nós parécenos grave. Non compartimos esa posición, non compartimos para nada esa posición.

Antes díxose que a gran diverxencia que temos en relación coa economía española, ademais disto, é que estamos creando moito menos emprego, moito menos emprego que España en termos comparados. Desde que empezou a crise destruimos máis emprego, e desde que empezou a recuperación creamos menos. Estas contas felices en relación co emprego non son todo o optimistas que deberan, señor conselleiro. O que nos di neste informe para o ano que vén é que vostedes van crear ao redor de catorce mil empregos —catorce, quince mil— o ano que vén, máis ou menos; o 1,4 por cento de incremento —creo recordar das súas cifras—. Claro, bastante menos que a media española segundo todas as estimacións, e desde logo moi lonxe desas cifras felices de crear en catro anos ao redor de cen mil empregos que prometía o señor presidente da Xunta. Están moi lonxe deles: necesitaban vinte e cinco mil e están en 1,4 por cento.

É certo que ao mesmo tempo estamos gañando produtividade, estamos gañando competitividade. ¡É verdade, iso está moi ben! Pero iso estaría mellor aínda se ao lado disto fóramos capaces de impulsar moito máis a base produtiva con máis investimentos, con máis proxectos produtivos, e creáramos un emprego consistente cos obxectivos que se están plantexando. (*Aplausos.*) Non van as cousas por aí, e estanos dicindo neste informe que tampouco irán nin no 2019, nin no 2020, nin no 2021. Por moito que presuma, estalle dicindo á sociedade neste informe que estaremos na orde dos once mil empregos creados no ano 2021. E iso é o que figura nos papeis. A nós gustaríanos que o asunto fora doutra maneira e cremos que pode ser doutra maneira. Cremos que se poden facer as cousas mellor nese sentido.

En segundo lugar, regra de gasto. Vamos ver: eu lin con detalle o informe e non apreciei en ningún sitio unha referencia clara ao cumprimento da regra de gasto no ano 2019. Non vin ningunha referencia que me dixera que o incremento previsto dos ingresos computables para os efectos da regra de gasto é este, e está por debaixo da regra de gasto, que como vostede sabe está no 2,7 por cento, porque é da media española. Non hai nada disto. Eu fixen un cálculo somero coas cifras non moi detalladas que aparecen no informe, e paréceme que están vostedes no 4,25 por cento de incremento dos ingresos computables. E, por tanto, están bastante por riba da regra de gasto. Non me preocupa demasiado, pero en todo caso sería bo recoñecelo para os efectos desta transparencia da que están alardeando.

¿Por que non me preocupa demasiado? Porque a min gustaríame cambiala. Creo que entre todos deberíamos ser capaces de cambiar a regra de gasto. (*Murmurios.*) Non, a vostedes non lles gustou cambiala, porque cando a aplicou Montoro, que estaba comprometido coa máxima austeridade, non dixeron nada. (*Murmurios.*) É máis: no ano 2012 aprobamos —porque nós votamos a favor— unha Lei de estabilidade para Galicia que incorporaba, entre outras cousas, a posibilidade dun 0,25 por cento de marxe sobre o déficit en función dun investimento produtivo que había que avaliar, e despois cambiárono vostedes. É dicir, que tampouco están de acordo con esa marxe. E a nós, con iso, chegaríanos. Son cento setenta e cinco millóns de euros a maiores en investimento que podían financiar na maior parte con esas dúas décimas ás que renuncian. E, por tanto, nese caso teríamos un achegamento maior ao que nós dicimos que é máis ambición. Porque con iso poderíase impulsar o I+D+i ou poderíanse facer as estradas dese Plan MOVE que non son capaces de levar a cabo en todos estes anos. Eu creo que aí podía haber un acordo. Propóñolle que cambiemos a regra de gasto e que presionemos para que se faga así no conxunto das comunidades autónomas. Por certo, nos Estados Unidos os investimentos produtivos están fóra do gasto computable —por ter tamén unha referencia.

Por último —que me queda pouco máis dun minuto—, eu creo que sería moito mellor se nos presentaran a información dunha maneira que reflectira mellor o que pasa. A mensualidade do IVE aparece recollida de maneira non expresa —pero creo que é así— nos outros recursos non financeiros que están no informe económico-financieiro cando, se hai unha solución positiva para isto, vai formar parte do sistema de financiamento autonómico dunha forma ou doutra. Se incorporamos a regra de gasto aí quere dicir que os recursos do sistema de financiamento autonómico medrarían sobre o catro por cento aproximadamente, mentres que os outros recursos non financeiros medrarían moito menos do que

aparece recollido na información. E eu creo que iso sería mellor, dános unha información mellor. E a min non me preocupa o que din en relación cos ingresos finalistas; os ingresos finalistas poden estar ou non estar, porque, se veñen máis no futuro, vanse incorporar e non pasa nada.

En todo caso, isto recolle que algunha vantaxe o Goberno Sánchez ten. Hai máis recursos para dependencia —dinnos vostedes—, hai máis recursos para emprego xuvenil, hai máis recursos para violencia de xénero... Ben, todo iso forma parte do pacto orzamentario que se vai empezar a discutir estes días no Congreso, o cal está ben. *(Aplausos.)*

Pero preocúpame, sobre todo —e vou rematando—, o que nos din vostedes en relación cos tributos propios, porque din o seguinte: baixamos os impostos. ¡Ah, pero a recadación segue subindo! E iso ten que ver con dúas cousas:

Ten que ver, por unha parte, con que poden baixar os tipos, pero aumentan as valoracións das propiedades sobre as que se basean estes impostos, froito da revisión que houbo no 2012 e froito despois da revisión do valor catastral que estivo aplicando Montoro nestes anos. E, como consecuencia, os cidadáns pagan máis, aínda que vostedes lles fagan pequenas rebaixas e lles aumenten a recadación. Froito tamén, sen dúbida —e hai que recoñecelo— de que hai máis dinamismo económico, e entón o imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados móvese un pouco máis.

Pero hai outro movemento que afecta sobre todo as sucesións, e que me preocupa algo non recollelo dunha maneira máis expresa. Cando se están anticipando en vida moitas sucesións, estamos recortando a recadación do futuro. E, por tanto, estamos anticipando a recadación do futuro, porque agora estase concentrando no tempo algo que despois se vai producir de forma moito máis regular. E por esa vía estamos, dalgunha forma, reducindo a posibilidade de que a base fiscal no futuro sexa tan ampla como agora. E estamos nun modelo que, polo menos, debería ser recoñecido e avaliado como tal.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Neste sentido —remato xa, teño que rematar—, imos votar en contra deste teito de gasto cos mesmos argumentos que o ano pasado: por falta na ambición e porque nós, desde logo, estamos nun modelo que nos aproxime a Europa e que permita solucionar as necesidades dos cidadáns de forma moito máis clara. Por certo, como no pacto presupostario que se acaba de asinar e que espero que teña un final feliz no Congreso dos Deputados.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Bos días, señorías.



Señor conselleiro, desde En Marea defendemos a arquitectura democrática do gasto, a arquitectura social do gasto fronte á arquitectura da austeridade. Nós pensamos que o primeiro debate orzamentario non debería de ser este, debería de ser outro.

Debería de ser un debate que comezase por saber cales son as necesidades que temos que satisfacer conforme as nosas competencias como país, como se cuantifican esas necesidades, ou sexa, cantas medicinas precisamos para as persoas enfermas, canto profesorado, canto persoal sanitario para os nosos hospitais, cantas persoas dependentes temos que atender, cantas persoas investigadoras fan falla nas universidades do noso país... E, a partir de aí, facer unha cuantificación do custo deses dereitos, desas necesidades por satisfacer; a partir de aí, buscar un financiamento buscando a riqueza alá onde existe —porque a riqueza haina, e recoñéceo a propia Xunta de Galicia cando manifesta que estamos nun PIB histórico no noso país—. E finalmente, a partir de aí, con esas contas feitas, determinar o teito de gasto, e non, polo tanto, empezar a casa polo revés.

Fronte a unha arquitectura democrática, fronte a unha arquitectura social do gasto, estamos ante a arquitectura da austeridade, marcada por unha regra de gasto que non ten como obxectivo o equilibrio das contas públicas, senón directamente a redución do gasto público; é dicir, unha evolución do gasto público máis restritiva que a obrigada incluso para o cumprimento do déficit.

Isto para nós non é máis que a fase actual do axuste, a fase actual dos recortes. Se na recesión as cifras caían en números absolutos, agora caen en termos relativos. Os orzamentos medran, pero menos do que o fai a economía, de tal maneira que o diferencial entre o PIB e o que se dedica dos orzamentos para redistribuír a renda e a riqueza existentes no noso país segue agrandándose. Polo tanto, estamos perante unha permanente e sostida renuncia á xustiza social, neste caso da xustiza fiscal, mediante a redistribución da renda e da riqueza. Medra a produción de riqueza no país, pero non se redistribúe porque non hai política orzamentaria que permita facelo. E iso é o que revela o documento presentado pola Xunta de Galicia, onde se recoñece que o PIB chegará aos sesenta e seis mil cen millóns de euros, o máis alto da nosa historia.

En termos nominais, o valor desa riqueza producida no noso país aumentou nos últimos anos nove mil catrocentos millóns de euros. Sen embargo, o gasto público será, como máximo, de nove mil oitocentos cincuenta millóns de euros. É dicir, con nove mil catrocentos millóns de euros máis de PIB, o gasto público vai ser seiscentos sesenta e un millóns de euros menor.

¿Que é o que consideramos nós? Algo que é evidente: a forma máis precisa de medir a xustiza social dos orzamentos é calcular que parte da riqueza nacional é xestionada, neste caso pola Xunta, para a provisión de bens e de servizos públicos. É dicir, que parte da riqueza nacional é obxecto de redistribución con criterios de interese público. Hai dez anos, cando vostedes chegaron ao Goberno, era dun 18,5 por cento e agora é dun 14,9 por cento; é dicir, en dez anos, unha perda de 3,6 por cento —ou de 3,6 puntos de PIB— de recursos que outrora estaban destinados a financiar os servizos públicos, a protección social e o investimento.

¿Pagou a pena esta evolución ao longo destes dez anos? Na nosa opinión, non. Non, porque esta redución do gasto vén acompañada dun fracaso no control do déficit público e, polo tanto, da débeda. Porque desde 2012 a débeda pública aumentou en catro mil catrocentos setenta millóns de euros, é dicir, o trinta e nove por cento nos últimos cinco anos. Unha evolución desastrosa da débeda acompañada tamén de ter o fracaso de pagar uns xuros seguramente dos máis altos do mercado, o dobre do que se podería facer se acudísemos a un financiamento público da débeda, en vez de facer o financiamento no mercado privado.

Foron anos onde se desaproveitaron os ventos de cola, é dicir, a boa conxuntura internacional, así que agora ese crecemento —como vostedes mesmos recoñecen— xa non virá de fóra, senón que soamente pode vir de dentro. O que vai impulsar o crecemento para o ano 2019 serán fundamentalmente non as exportacións, senón os salarios, as pensións e os propios orzamentos da Xunta de Galicia.

Pois ben, este cambio de paradigma no crecemento económico é o que lle dá todo o sentido ao acordo asinado por parte do Grupo Confederal de En Marea co Goberno central, consistente en subir o salario mínimo interprofesional a novecentos euros (*Aplausos.*) para combater, agora si, a pobreza laboral e a desigualdade, e tamén asegurar que as pensións manteñan o seu poder adquisitivo. Este acordo non só mellora a calidade de vida da xente, senón que ademais se converte nun factor clave de desenvolvemento económico. Agora ben, é necesario que isto sexa complementado por un orzamento expansivo que tire na mesma dirección; é dicir, mellorar o benestar da cidadanía deixando atrás os recortes en servizos públicos e en protección social e impulsar a economía. Dito doutra maneira: deixar atrás a austeridade que vostedes veñen practicando nos últimos nove anos.

Non temos un Estado de benestar excesivo, senón mal financiado. Polo tanto, a estratexia orzamentaria non pode ser seguir reducindo o gasto público, senón avanzar na converxencia de gastos e de ingresos coa media da Unión Europea. Dicimos coa media da Unión Europea porque estamos 5,4 puntos por baixo da media da Unión Europea; xa non citamos países máis desenvolvidos no seu Estado de benestar, pero si a media da Unión Europea. Desta maneira, unha senda de consolidación fiscal progresista debería de apostar por incrementar os ingresos e non por seguir reducindo o gasto; en ambos os casos, co obxectivo de acadar a converxencia real coa Unión Europea.

Isto é o que fai tamén o acordo acadado entre o Grupo Confederal de En Marea co Goberno central, un xiro absoluto na fiscalidade, buscando máis ingresos alá onde a riqueza está. Polo tanto, unha maior xustiza fiscal, unha redistribución da carga fiscal, reducindo a das persoas con menos ingresos e gravando máis a quen máis ten. Por iso, ao mesmo tempo que propuxemos e acordamos unha redución do IVE de determinados produtos básicos, creamos novos impostos que, por exemplo, gravan as multinacionais —na súa meirande parte norteamericanas— da economía dixital, que practicamente non pagan impostos en España; mellórase a contribución das grandes empresas no imposto de sociedades; e limítase o escándalo fiscal das SICAV, que seguramente a vostedes lles preocupa máis que o que teñen as rendas medias e as rendas máis populares de traballadores e traballadoras.

E pola contra, fronte a esta situación, o Goberno do Partido Popular en Galicia segue insistindo nunha vía que nós consideramos equivocada, porque se o Parlamento aproba o teito de gasto proposto, tendo en conta cal foi a evolución do IPC desde o ano 2009, o gasto da Xunta en termos reais —xa sei que despois seguramente virá vostede aquí falar de números— previsto para o ano que vén sería dous mil dezaseis millóns de euros inferior ao de hai dez anos.

O Partido Popular dirá (*Murmurios.*) —xa o está dicindo, aínda que non lle corresponde—: en 2019 o teito de gasto vai ter un aumento só lixeiramente inferior ao crecemento do PIB previsto. Pero digámolo todo: ¿isto que significa? Significa seguir na senda da diverxencia entre a medra da riqueza nacional e o compromiso no orzamento público; polo tanto, nunha renuncia constante e sostida no tempo a facer xustiza fiscal, a facer xustiza social. ¿Por que? Porque o peso do público é cada vez menor en relación co conxunto da riqueza. Iso significa menor compromiso de toda a sociedade para redistribuír esa renda e esa riqueza.

Necesitamos que o gasto se incremente de forma sostible e de forma sensible sobre o incremento do PIB. E hai que facelo o máis axiña posible para recuperar o tempo perdido, sobre todo para recuperar o perdido nos recortes, establecendo como obxectivo mínimo o de recuperarnos dos recortes nos próximos cinco anos, ¡en cinco anos! Un obxectivo que, ademais, é modesto, porque significaría poñer en 2025 o mesmo nivel de gasto que no ano 2009. ¡Fíxense que viaxe durante tantos anos para colocarnos nunha situación semellante á que tiñamos xa hai nove anos!

Neste caso, o orzamento tería que medrar catrocentos millóns de euros por riba do crecemento nominal do PIB para este ano. Por iso, en 2019 o orzamento de gasto tería que medrar o dobre, practicamente, do que prevé neste momento a Xunta de Galicia. Non facelo —que ten pinta de que vai ser o que suceda— supón aceptar como bos os recortes na sanidade, no ensino, na protección social, no investimento ou no I+D+i, e que todo isto se consolida para sempre, que se cronifica na estrutura da Xunta de Galicia.

Si, nós queremos e estamos por superar determinadas restricións, entre elas tamén a regra de gasto, e estamos dispostos a chegar a acordos para acadalo, como falou tamén o señor Leiceaga. Non sabemos, ben, seguramente si que sabemos, cal vai ser a resposta popular, pero nós, en todo caso, queremos formular esta alternativa. Desde En Marea queremos formular distintas medidas, á parte desta, para superar estes límites fixados pola propia Xunta de Galicia no teito de gasto, que incide, ademais, na regra de gasto.

A forma de romper a lóxica da austeridade na súa fase actual tense que basear en dous tipos de medidas: dunha banda, medidas inmediatas e, doutra banda, medidas a medio prazo, pero que teñen que ser contempladas tamén pola Xunta de Galicia dentro do seu papel político na negociación do conxunto estatal.

En primeiro lugar —e a máis inmediata—, utilizar as marxes que dá a nova senda de consolidación fiscal, aplicando o déficit acordado no Consello de Política Fiscal e Financeira, o cal implicaría uns ingresos adicionais, uns recursos extras de cento trinta e oito millóns de euros. Non escoitamos na súa intervención por que a Xunta renuncia a este incremento. Po-

dería explicalo, se vostede quere, no momento en que suba posteriormente. Nós preguntámonos se é que acaso non existen actualmente en Galicia necesidades sociais que xustifiquen este incremento de recursos dispoñibles. ¿Acaso non é necesario máis persoal sanitario, máis investimento en I+D+i ou mellorar a atención á dependencia?

En segundo lugar, realizar unha estimación rigorosa dos anticipos á conta dos ingresos que proveñen do sistema de financiamento autonómico, corrixindo o desfaseamento que, casualmente, se produce na Xunta todos os anos. Unha torpeza que nós tememos que, de reiterada, parece máis propia dun goberno trileiro que fai trampa para xustificar un orzamento máis baixo.

En terceiro lugar, estruturar a débeda pública para reducir a carga de xuros, así como cambiar a política fiscal da Xunta, eliminando esas rebaixas de impostos que benefician máis aos que máis teñen.

E, finalmente —e, por suposto, como medida de peche—, e é clave a nivel político para o noso país, acadar un modelo de financiamento autonómico que mellore a suficiencia e a soberanía fiscal do noso país.

Por todas estas consideracións, e entendendo que o proxecto presentado pola Xunta de Galicia se aparta notablemente das necesidades que ten o noso país, En Marea votará non a esta proposta de teito de gasto.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** Ben, estamos ante un debate importante. Eu agradezo, en xeral, o ton que tiveron os portavoces, que se centraron no importante, que é o teito de gasto, e non noutras cuestións.

Debatemos un teito de gasto. E o primeiro que hai que salientar con relación ao feito de que esteamos debatendo o teito de gasto é que este debate é un exemplo de normalidade democrática e de transparencia. Isto é un contraste no noso contorno. Eu lembraba no debate do estado da Autonomía que só o trinta por cento dos concellos galegos son capaces de presentar os seus orzamentos en prazo, é dicir, de cumprir a lei, por non falar do que está a ocorrer no Estado.

No Estado —como sabemos—, o Goberno actual directamente incumpre a Lei de estabilidade porque non somete o teito de gasto por segunda vez á votación no prazo dun mes despois de que se rexeitara á primeira, e está intentando modificar as regras porque non lle gustan. Isto é un exercicio de dubidosa valía democrática: cambiar as regras cando non lle serven para aprobar o que un quere, modificalas pola porta de atrás. Está a mandar unhas cifras sen aprobar o teito de gasto; de feito, non sabemos aínda cal é o teito de gasto. O vixente é

o que nos impón o 0,1 por cento. E, polo tanto, mentres teñamos o 0,1 por cento, o lóxico é respectar a senda de déficit legalmente establecida.

E, ademais, todo isto mándao a Bruxelas sen ningún debate político. Eu acórdome de cando Podemos dicía que someterse a Bruxelas sen debate público era un atentado contra a democracia. E agora publican un orzamento onde aparece, por un lado, o Goberno e, ao seu mesmo nivel, o Grupo Confederal de Podemos. Ningún debate no Congreso, ningún debate no Senado sobre o teito de gasto que incorpora esa senda de déficit. Pero, evidentemente, como agora goberna o señor Iglesias xunto co señor Sánchez, non hai ningún problema de credibilidade democrática destas cifras. *(Aplausos.)*

Todo isto reflicte moita incerteza a nivel económico e político no Estado. Non sabemos se esas contas se van aprobar, non o sabemos. Hai distintos grupos políticos cuxo voto é relevante para a aprobación, e, polo visto, non é fixo que os vaian apoiar. Depende de se o Goberno intervén ou non na Fiscalía, por exemplo —están a dicilo publicamente—, ou depende do prezo, porque, á fin e ao cabo, dá igual un presuposto de dereitas que de esquerdas —que foi o que dixo onte o presidente do PNV—; o caso é o prezo que se paga para votalo.

E hai unha incerteza que en Madrid parece que non se comenta, que é que vai votar a Marea. Porque o Grupo Confederal de Podemos parece que apoia este orzamento, pero o voceiro da Marea dixo nos últimos días reiteradas veces que os cinco deputados da Marea non van apoiar o presuposto salvo que nos transfiran a AP-9, a outra axenda galega. *(Murmurios.)*

Polo tanto, hai moita incerteza, hai incumprimento da lei. E, fronte a todo iso, eu creo que hai que poñer de relevo que estamos ante unha consellería, a de Facenda, e un goberno, o da Xunta, que traen un teito de gasto, primeiro, baseado en previsións prudentes; segundo, que permite un incremento significativo do gasto, ao tempo que apenas se endebeda e non sobe a presión fiscal; e terceiro, que o pode facer polos bos fundamentos da economía galega en xeral e da autonómica pública en particular.

O teito de gasto son previsións prudentes: un crecemento do PIB do 2,5 por cento, despois de corrixir o deste ano e baixalo ao 2,8 por cento —en liña co que fixo Madrid, por certo, que o baixou onte mesmo a 2,6 por cento—; unhas previsións para 2019 do 2,5 por cento, dúas décimas —tamén como este ano— da previsión do Goberno de España; unha suba de recursos no teito de gasto de trescentos sesenta e tres millóns de euros, é dicir, do 3,8 por cento; unha previsión de redución do desemprego do 12,7 por cento no ano 2019, cun obxectivo marcado para o Plan estratéxico de reducir entre oitenta mil e cen mil persoas o desemprego, é dicir, crear eses postos de traballo —xa levamos corenta e un mil e, polo tanto, os obxectivos entran dentro do previsible e do que contabamos—; unha redución do déficit ao 0,1 por cento e apenas sesenta e nove millóns de euros de recurso á débeda. Eu pensei que ían felicitarnos, porque sempre nos están dicindo que o Goberno se endebedou moito, sen embargo —como direi a continuación— o que nos piden é maior endebedamento. Todo isto sen subir impostos e baixando a presión fiscal, unha presión fiscal sobre a que hoxe se dixo que se estaba adiantando o pago de futuras herdanzas. Iso quere dicir que alguén pensa en subir o tributo no futuro. Polo tanto, hoxe hai un anuncio que pode que adiante aínda máis a liquidación dos impostos sobre herdanzas.

O emprego, como corolario, vai razoablemente ben, aínda que todos quixeríamos que se crease máis. A última EPA dinos que a poboación activa en Galicia se recupera nun 0,04 por cento, o que é menos que o de España, que é o 0,4 por cento; os ocupados crecen un 2,56 por cento, e é unha boa noticia que creza a ocupación, aínda que sexa lixeiramente por baixo da española: 2,82 por cento. E, como consecuencia da evolución da poboación activa, os parados diminúen en Galicia, de acordo coa EPA, no último ano un 13,11 por cento, que é moito máis do 10,84 por cento que se reducen en España. Estas cifras son as que nos dan a chave do emprego, e non hai ningún misterio ao respecto. O Inem, por certo, no último paro rexistrado, dinos que baixa o paro o 9,64 por cento en Galicia e a media de España é do 6,09 por cento en datas plurianuais.

En segundo lugar, o incremento do gasto hai que poñelo na súa dimensión. A continuidade das liñas que nos permitiron pasar, en definitiva, pese a que caeron os ingresos na etapa previa, pese a que durante estes anos levamos pagando —cousa que sempre se omite por parte da oposición— os dous mil douscentos millóns de euros de liquidacións negativas —é dicir, que xa absorbeu o orzamento da Xunta mil setenta e un millóns de euros dos que estaban nos orzamentos do ano 2008-2009, e iso non o computan cando falan de débeda pública—, a que, sen embargo, desde o ano 2015 o gasto se incrementase en mil catrocentos millóns de euros —insisto—, tendo rebaixas fiscais significativas e un orzamento de gastos fiscais tamén significativo. Hoxe anúnciase novamente unha suba do gasto público, que pode roldar os catrocentos millóns de euros, e aos trescentos sesenta e tres millóns de euros engadímoslles os aforros nos xuros da débeda. E a Airef acaba de facer público que as previsións son razoables e prudentes, e non lles puxo nin a mínima obxección. Por certo, ao País Vasco púxolle unha obxección: que non fai público o modelo de previsión económica, e recoméndalle que o faga público. A nós nin sequera no ámbito da transparencia nos di outra cousa que que as previsións da Xunta son prudentes, e non as obxecta no máis mínimo.

Todo isto dános uns bos fundamentos económicos, uns sectores produtivos máis equilibrados, porque a economía galega non descansa sobre a burbulla inmobiliaria. O índice de produción industrial está crecendo un 6,6 por cento ata agosto, a media de España é do dous por cento. As exportacións levan catro anos batendo marcas: están crecendo ao 9,9 por cento; hai catrocentas novas empresas exportadoras e o oitenta por cento expórtase á UE, o cal nos protexe das incertezas dos mercados internacionais. Por certo, as exportacións están moi vencelladas á calidade do goberno. Hai un traballo que demostra que os gobernos que son menos corruptos, que teñen mellor gobernanza, que teñen máis estabilidade política e que teñen unha boa regulamentación son capaces de favorecer as exportacións nos países que teñen o mesmo contorno. Nós exportamos o oitenta por cento, somos das comunidades que máis exportamos, pero, evidentemente, os traballos científicos en Galicia non se aplican. Iso quere dicir que, en liñas xerais, as exportacións reflicten unha boa situación institucional e, polo tanto, que os fundamentos da nosa economía son sólidos, como son os da economía pública. *(Aplausos.)*

A Comunidade Autónoma na que menos subiu a débeda desde o ano 2009 foi Galicia. Cando empezou o período de crise, no ano 2009, estabamos na media das comunidades autónomas, lixeiramente por riba; agora temos de débeda o 18,6 por cento do PIB, e a media é do 24,7 por cento. É dicir, se estiveramos na media teríamos tres mil oitocentos millóns de débeda

máis, e se simplemente aceptásemos as emendas que nos presentaba AGE, teríamos mil millóns máis. Pero, afortunadamente, non foi así.

Ao mesmo tempo —como dixen— devolvemos a débeda herdada que non estaba computada na débeda pública, mil setenta millóns das liquidacións negativas, e agora dinnos que temos que endebedarnos máis. Esa é a proposta que nos fan, que aceptemos o 0,3 por cento de endebedamento e que endebedemos a Xunta un pouco máis. Dise que para gasto social ou para investimento, non se precisa; imos supoñer que é para investimento, porque se é para gasto corrente supoño que estaremos todos de acordo en que é pan para hoxe e fame para mañá.

¿Pero cumprimos a regra de gasto ou non a cumprimos? Porque se subimos o endebedamento ao 0,3 por cento non cumprimos a regra de gasto. Hoxe criticouse aquí, porque parece ser que a Xunta non reconece que se incumpriu a regra de gasto en apenas sete, oito ou nove millóns de euros sobre un orzamento total de preto de nove mil millóns. Entón, ¿cumprímola ou non a cumprimos? Eu, de entrada, propoñería unha cousa, e é que, mentres non a modifiquemos, a cumpramos.

Pero aínda máis: aquí estase a dicir que isto é un corsé neoliberal, cando a regra de gasto o que permite é un pacto entre a socialdemocracia europea e os movementos liberais e conservadores para manter a sustentabilidade do Estado de benestar. Non esquezamos que é moi fácil poñer unha regra de gasto que di que cando os tempos veñan ben dados hai que conter o gasto de acordo co que se pode pagar no futuro, e que cando esteamos en crise hai que endebedarse. Claro, cando estabamos en crise endebedámonos, pero agora estamos nunha etapa de crecemento e hai que comezar a facer sustentable o Estado de benestar. Entón non é unha regra neoliberal, é xusto o contrario: unha regra que o que permite é manter o Estado de benestar.

Non cometamos os erros do pasado. ¿Falamos das regras de gasto? De acordo, pero mentres exista hai que cumprila. Se aceptamos unha senda de déficit do 0,3 por cento, non a cumprimos. E mentres existen as normas eu creo que é bo cumprilas para todo o mundo.

A Xunta, ademais de ter unha boa xestión da débeda, págalles aos provedores en 12,75 días. Se o alcalde de Vigo está contento porque el paga en 13,22 —é o Concello que máis rápido paga dos que fai público o ministerio—, comprenderá que nosoutros tamén esteamos razoablemente contentos, porque pagamos en menos tempo, vinte días menos que a media. Mantemos a estabilidade do emprego público, asinamos acordos moi importantes en materia de salarios públicos, cumprindo a palabra que o presidente deu nesta cámara...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PUY FRAGA:** ...de recuperar os salarios públicos cando a crise pasase. Somos das comunidades autónomas que están por riba da media en gasto social: gastamos por habitante dous mil catrocentos vinte e catro euros, e España, de media, gasta dous mil cen.

Polo tanto, entendemos que se poden facer ruído e comentarios, pero tras iso hoxe hai que votar. O que se somete a voto son trescentos sesenta e tres millóns de euros máis de recursos,

menos débeda, unha presión fiscal moderada ou rebaixada, unha economía que crece máis que a media, unha redución do desemprego e prestacións sociais por riba da media de España, o que son para nós motivos máis que dabondo para votar favorablemente o teito de gasto.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Puy.

***Votación do límite máximo de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019***

**O señor PRESIDENTE:** Rematado o debate, procedemos á votación do límite máximo de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.

*Votación do límite máximo de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 31.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado o límite máximo de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.*

**O señor PRESIDENTE:** Non hai máis asuntos. Levántase a sesión.


Bo día.

*Remata a sesión á unha e dezaoto minutos da tarde.*



## RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pérez Seco, José Manuel	(S)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pierres López, María Luisa	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
5. Balseiros Guinarte, Silvestre José	(P)	43. Prado del Río, Paula	(P)
6. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	44. Prado Patiño, Jesús Miguel	(P)
7. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	45. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
8. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	46. Puy Fraga, Pedro	(P)
9. Burgo López, María de la Concepción	(S)	47. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
10. Cal Ogando, Marcos	(EM)	48. Quintero Araújo, Paula	(EM)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	49. Rey Varela, José Manuel	(P)
12. Casal Vidal, Francisco	(EM)	50. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
13. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	51. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
14. Chao Pérez, Luca	(EM)	52. Rodríguez Arias, Marta	(P)
15. Conde López, Francisco José	(P)	53. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
16. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	54. Rodríguez Estévez, David	(EM)
17. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	55. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
18. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	56. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
19. Fernández Fernández, Raúl	(S)	57. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
20. Fernández Gil, César Manuel	(P)	58. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
21. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	59. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
22. Fernández Prado, Martín	(P)	60. Salorio Portal, María Soraya	(P)
23. García Míguez, María Ángeles	(P)	61. Sánchez García, Antón	(EM)
24. Gómez Salgado, Carlos	(P)	62. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
25. González Vázquez, José	(P)	63. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
26. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	64. Solla Fernández, Eva	(EM)
27. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	65. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
28. Mato Otero, Beatriz	(P)	66. Toja Suárez, María Dolores	(S)
29. Miranda Pena, Flora María	(EM)	67. Torrado Quintela, Julio	(S)
30. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	68. Torregrosa Sañudo	(EM)
31. Mouriño Villar, Antonio	(P)	69. Trenor López, Gonzalo	(P)
32. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	70. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
33. Novo Fariña, María Isabel	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(EM)
35. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Otero Rodríguez, Patricia	(S)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
38. Pazos Couñago, José Alberto	(P)		



PARLAMENTO  
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25